

Escritura de Fusión Caixa Galicia - Caixanova

Mauro Varela Pérez

Copresidente

Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra

Santiago de Compostela, 29 de noviembre de 2010

Vimos de asinar a Escritura de fusión da Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra, acto no que están presentes todos vostedes, como representantes cualificados da sociedade galega, para que sexan testemuñas directas dun momento crucial para o futuro da economía e da acción social e cultural de Galicia.

Este non é o remate dun proceso senón o principio dun proxecto.

Estamos aquí para iniciar un plano ambicioso e ilusionante. Potente e vertebrador. Pegado á terra que viu nacer e medrar ás dúas caixas. O noso traballo ten por cerne e obxectivo que Galicia dispoña do mellor instrumento financeiro, económico, social e cultural para o futuro. Que Galicia dispoña dunha CAIXA DE AFORROS propia. Repito: unha CAIXA DE AFORROS propia.

Xa sei que ser CAIXA DE AFORROS nestes intres é complicado e que tivemos, temos e teremos que loitar en moitos ambientes, económicos e políticos, para

defender o noso modelo de empresa, a nosa visión territorial, e a nosa identidade.

Principiamos hoxe, pois, un proxecto desafiante, no medio da máis forte crise económica dos últimos 90 anos, da máis rápida reconversión financeira do mundo desenvolvido, na que se inclúe España e na que o sector financeiro galego ven hoxe aquí a presentar a súas credenciais: nós estivemos dispostos a fusionarnos, a reestruturarnos, a ser máis eficientes e máis competitivos porque queremos xogar un papel protagonista no futuro.

Por iso o primeiro que lles solicito, como representantes destacados da sociedade galega, é **COMPRENSIÓN**. Non é doado que dous competidores tan próximos se poñan de acordo, e a proba é que non hai moitos casos en España. Non é doado levar a cabo unha reconversión. Hai que tomar decisións complexas e para nós - representantes da nova Entidade que vimos de escriturar- é moi importante contar co apoio e a complicidade da sociedade á que queremos servir.

Porque ao mesmo tempo que asumimos a dureza e a dificultade do escenario económico, que é a novidade desta enorme reconversión financeira que nos acompaña, tamén lles digo que para todos nos é mais fácil porque xogamos coa vantaxe de coñecernos ben e de saber o terreo que pisamos... De querer o terreo que pisamos... Porque somos de aquí. E porque o futuro da caixa depende fundamentalmente de que saibamos mellorar a economía galega, con crédito, investimento social e investimento empresarial. **Para iso nacemos.**

Levo oito anos presidindo Caixa Galicia e agora, tal e como acordamos, serei copresidente da nova Institución. As caixas galegas sempre traballaron coa mesma misión: administrar ben os aforros dos galegos, transformandóos en riqueza económica, social e cultural.

Durante moitos anos colaborei cun dos mellores financeiros de España, unha grande persoa e un excelente profesional que converteu unha pequena caixa local na sexta caixa de aforros máis importante de España, nun dos activos económicos máis potentes de Galicia. Ao seu compromiso, á súa visión e á súa decisión lle debemos estar hoxe aquí. De **José Luis**

Méndez aprendín a importancia de facer ben as integracións, atesourando a súa experiencia de ter participado en 10 fusións o integracións anteriores a esta.

E de José Luis Méndez aprendín a importancia de colaborar, non de impoñer, de sumar e non de restar.

Estas verbas son absolutamente obxetivas, non derivadas de a miña amizade entrañable e irrevocable que lle profeso e sempre mantendrei.

Agora tócame traballar con outros excelentes profesionais, con **José Luis Pego**, con **Javier García de Paredes** e co resto do equipo directivo da nova caixa.

E, copresidindo este proxecto, administrarei cóbado con cóbado a nova Caixa con outro extraordinario e sagaz financeiro, Julio Fernández Gayoso, ao que me une unha excelente relación dentro do mundo das caixas e sobre todo unha entrañable e vella amizade, e, desde logo, co resto do consello de administración e da comisión de control que hoxe nos acompañan.

Hai poucas cousas que se podan dicir sobre un proceso que foi seguido con tanta atención pola sociedade, por todos vostedes. Por iso quérolles expresar a verdade. Estamos preocupados. Preocupados pola situación económica de España. Preocupados pola posta en marcha desta Institución. É unha preocupación lexítima e construtiva que nos empuxa con forza a xestionar ben, con solvencia e man firme este proxecto sabendo a que nos enfrontamos.

Porque temos un gran proxecto por diante.

Neste momento hai 35 caixas de aforros españolas inmersas en procesos de fusión. Estamos a falar do 90% dos activos de todas as caixas españolas. De todas elas, e descontando as fusionés instrumentadas nun banco nas que están inmersas 22 caixas, seremos a terceira Caixa de aforros máis grande de España que manterá a natureza xurídica de Caixa e a súa raíz no terreo.

De todos os bancos, SIP e caixas que se están a configurar nesta reconversión, a Caixa nosa será a 8ª

entidade financeira con maior volume de aforro. Nace cunhas bases tan sólidas que o seu proxecto obtivo a sexta mellor nota (entre os 26 proxectos analizados polo Banco de España) nos test de estrés realizados este ano.

Como lles dicía temos un gran proxecto. Pero é que ademáis traballamos, fundamentalmente, nunha Comunidade Autónoma, cuns clientes que están entre os máis aforradores, de máis baixa morosidade e de mellor comportamento diante das crises de España. Traballamos nunha terra que é primeira potencia española en pesca, en produción téxtil, en moda, en produción automobilística, de barcos, de granito, de lousa, de enerxías renovables, de madeira... E imos traballar tamén para que o sexa en tecnoloxía e eficacia financeira.

Pero sobre todo, é un proxecto que aproveitará toda esa potencia galega, esa enerxía positiva e esa capacidade de liderado para axudar a vertebrar o país, a elevar o nivel doutros sectores económicos que aínda non son líderes. Para apoiar ás pemes, ás familias. **Insisto, para iso nacemos.**

Podíamos non ter nacido, porque as dúas caixas tiñamos outras opcións, pero entendemos que a mellor solución era afrontar a crise e o custo da fusión e evitar outras alternativas con outros padriños.

Se houberamos tomado outro camiño hoxe estaríamos falando do CUSTO DA NON FUSIÓN: A perda do 3% do PIB galego, que é o que, directamente, achegan as dúas caixas; da perda da oportunidade de contar cunha caixa de aforros propia para apostar por Galicia; e da perda do segundo patrimonio sociocultural máis importante de todas as empresas españolas, con 190 infraestruturas, garderías, centros de maiores, escolas de negocios, centros de formación profesional, bibliotecas, centros culturais, teatros, aulas de formación...

Como lles dixen levo moitos anos vinculado as caixas de aforros, e me considero coa experiencia suficiente para asegurarlles a todos vostedes que acertamos coa decisión. A nova caixa galega non nace para ser un problema máis en medio desta crise, senón para formar parte das solucións de Galicia, para combatir a recesión e por eso e para eso agradecemos o seu apoio.

Por iso quero dedicar estas palabras a todos os que apoiástedes esta operación, ao voso alento e ao voso respaldo personal ou institucional: GRAZAS POR FACER DE HOXE O NOSO PRIMEIRO DÍA.

Dixen.

Moitas grazas.